

PROCEDIMENTO DE ADMISIÓN

Segundo a lexislación vixente*, o prazo para a **presentación das solicitudes de admisión** do alumnado que solicite un posto escolar por primeira vez no IES Terra do Xallas é **do día 11 de maio de 2020 ata o día 18 do mesmo mes**.

O alumnado dos centros adscritos xa teñen a praza reservada, non é necesario solicitar admisión.⁽¹⁾

Debido á situación sanitaria actual recomendamos realizar a solicitude por vía telemática na aplicación «admisionalumnado» (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>). Para presentar a documentación de forma presencial no centro haberá que solicitar cita previa chamando ao seguinte teléfono: **881867080**

O alumnado matriculado no IES Terra do Xallas ten garantida a súa permanencia no centro, polo tanto, o cambio de curso, ciclo, nivel ou etapa **non** requirirá un novo procedemento de admisión.

Novos prazos do proceso de admisión:

- Publicación das listaxes provisionais do alumnado admitido e non admitido: **8 de xuño de 2020**.
- Poderanse formular reclamacións contra as listaxes provisionais no prazo de 3 días hábiles contados desde o seguinte ao da súa publicación.
- Publicación das listaxes definitivas do alumnado admitido e non admitido: **26 de xuño de 2020**.
- Formalización da matrícula ordinaria en educación secundaria obrigatoria e bacharelato: **do 1 ao 10 xullo**. Prazo extraordinario: **do 1 ao 10 de setembro de 2020**. Publicaremos calendario precisando datas e horarios.

(1) O alumnado procedente dos centros adscritos de primaria (CEIP Plurilingüe Barrié de la Maza, CEIP Plurilingüe Pepe de Xan Baña, CPR Plurilingüe Ntra. Sra. Inmaculada e CRA Coristanco-Santa Comba) xa presentaron a reserva de praza en febreiro. Polo tanto, xa están admitidos no IES Terra do Xallas.

* Lexislación vixente:

- Resolución do 5 de maio de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade a diversos acordos do Centro de Coordinación Operativa da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia (Cecop), do 5 de maio de 2020.

- DECRETO 254/2012, de 13 de decembro.

- ORDE do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

- ORDE do 25 de xaneiro de 2017 pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013